



Convenio de colaboración educativa entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e Brainport Development, N.V. para a realización de prácticas para o alumnado de formación profesional en empresas da rexión Brainport Eindhoven en Países Baixos

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, **DECLARA:**

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria formalizou, o trece de setembro de dous mil dezaseis, coa empresa Brainport Development, N.V. o instrumento convencional arriba referido cun período de vixencia de dous anos desde a data da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración no eido da formación profesional, entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa Brainport Development, N.V. para ofrecer prácticas de calidade e axustadas ao seu perfil a estudantes e titulados de Formación Profesional, da nosa Comunidade Autónoma, en empresas da rexión Brainport Eindhoven de Países Baixos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

1. Na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, determina no artigo 39, no apartado 2 que a formación profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar aos alumnos e as alumnas para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación as modificacións laborais que poidan producirse ao longo da súa vida, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática. Igualmente, contempla,





no apartado 2 do artigo 42, que o currículo das ensinanzas de formación profesional incluíra unha fase de formación práctica nos centros de traballo, da que poderán quedar exentos os que acrediten unha experiencia laboral que se corresponda cos estudos profesionais cursados. As Administracións educativas regularán esta fase e a mencionada exención.

2. No Convenio Marco de Colaboración entre o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte do Reino de España e Brainport Development, N.V., no que se establecen as condicións xerais para que estudantes de centros de ensinanza españois, tanto de formación profesional superior como de universidade, poidan realizar prácticas formativas na rexión de Brainport Eindhoven de Países Baixos, asinado o pasado 30 de agosto.

3. En que ambas partes teñen acreditada experiencia na organización de prácticas internacionais en empresas para estudantes e titulados e coinciden no seu desexo de establecer unha cooperación en beneficio dos centros de formación profesional de Galicia e en particular para o envío/recepción de estudantes para a realización de prácticas formativas en empresas e institucións.

4. Que Erasmus+ é o programa europeo nos ámbitos da educación, a formación, a xuventude e o deporte para o período 2014-2020 e trata de impulsar as perspectivas laborais e o desenvolvemento persoal, ademais de axudar aos nosos sistemas de educación, formación e xuventude a proporcionar unha ensinanza e unha aprendizaxe que doten ás persoas das capacidades necesarias para o mercado laboral e a sociedade actual e futura. Polo tanto, Erasmus+ será a ferramenta que permitirá que estes estudantes e titulados realicen estas prácticas formativas a través dunha beca.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase dixitalmente esta memoria, en Santiago de Compostela.

O Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López

